



BOLETIN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 13

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

20 DE MARZO

POST-MORTEM

# HOMENAXE A PONDAL

## A SUA OBRA VIVENTE

Vímolo deitado no cadaleito, antre panos mouros. Nunca coma entón parecéronnos tan ridículas as pompas póstumas de xeito burgués. Pondal, o mesmo que os vellos carballos das fragas, tería de finarse n'un serán tempestuoso, lonxe do ruído vilego, sin que o souperan as xentes. Tería de seguir soando o seu nome, de maneira que todos ñorásemos si era inda morto ou vivo. ¿Pra qué conocer a súa partida de defunción? O primitivismo xenial que acuciaba seu espírito, as normas bohémias que tan ben s'axeitaban á súa natureza, puñéronno sempre ó márxen do baixo trafego das vilas. Enterralo coma os mais homes, foi profanar o primeiro troito da nosa raza. A un pino que funga cand'o vento azouta seu arume, non se l'amortaxa si se deita desgaxado. Cai o pino no chan, quizais sobre un dólmen callado de líquenes e musgos, y-os outros pinos, cal si marmulasen oracións, xuntan solenemente as suas copas—moixes do panteísmo—non pensando no morto, porque ven na morte unha prolongación da vida y-en eles latexa co'a inconscencia do inánime o «eterno devenir». Teñen o enxebrismo da natureza, o sereo instinto das cousas que se refrexa nos animaes ó chegarlles a derradeira hora. Déitanse n'un recuncho, e alí pechan os ollos pra sempre, graves y-erméticos, sin molestar a naide, sin poñer no ridículo o momento misterioso do transfuxo do ser ó non ser, dándolles unha lección ós homes. Así morreu Pondal. Así tiña que morrer.

E vímolo, dicíamos, no cadaleito; vímolo vistindo hábito de franciscano. E comó esta clás. d'hábitos e do que mais aproisima o corpo do home ás cousas da natureza—ás pedras y-ós arbres—coidamos que Pondal, pidindo semellante mortaxa, tratou de redimírese do ridículo caricaturesco de levar á cova un cuello pranchado y-unha levita á inglesa. Se non foi así, deixádenos pensalo así. Inda que, quizais coma Guerra Xunqueiro quixo desposar ó helenismo c'o cristianismo, pode que Pondal desexara aunar o primitivismo c'o franciscanismo. De cal-

quer maneira o Bardo non s'axeitaba morto ós burgueses honores póstumos da capel-ardente, coma non s'axeitou de vivo á escravitude dos convencionalismos sociaes. Morto, suas maus descarnadas, eran dous secos sarmentos mesmamente. Sua boca, aberta, moi aberta, com'o burato mouro d'un trobo; sua narís com'a garra d'aqueles corvos y-aqueles gaivotas da costa brava e verdecente, cuia libértá salvaxe, envexou nos seus versos.

\*\*\*

Pondal foi o poeta da Raza. O consolo dos que sufrimos a tortura da poesía modernista e glauca, que ten por acentos os bacilos de Koch, por imáxenes as frores do mal de Baudelaire, e por alma a morfina y-o éter c'o marchamo dos laboratorios de París. Facer populares os versos de Pondal—que naceu póstumo, que aborreceu a popularidá—equivál a erguer un sanatorio pra que atopen manciña os tuberculosos do espírito, que en Galicia son léxión, á soma dos pinos ben amados do poeta. Pra meterse pol-a alma de Pondal, esquivá e grande com'as gándaras da Ponte-Ceso, hay que descalzarse, como se descalzan os musulmá á porta das mezquitas. Y-entón, tripan'os toxos firentes e recendentes de frores marelas que semellan bicos de sol, c'os pes nús e cheos de sangue, comprendemos ó bardo, e surxirá o pareado de loubá: nosa carne roxenta, un verso; outro verso a côr das abruilas, que curan o mal do corazón; y antre os dous versos, un voo d'abellas helénicas que van pra lonxe, dispostas a facer, na fraternidá da colmena, a ofrenda da mel que cantou *Zaratustra*, coroado d'hedras, na compañía da cobra y-o águia, no curuto d'un outeiro, mentras aló na terra baixa orneaba o asno. Pondal, o inadautado, o rebelde, que fixo dos troncos dos pinos a rexa do confesonario d'a súa Raza, non morreu; vive coma os arbres novos que nascen dos vellos que caen con estrondo no seo

das «Hirmandades da Fala», cheas do espírito xuvenil que loubou Lamartine.

Coma diante d'el, diante de nos ondea a barda d'ouro ardente. Coma él crémos que ten de segarse axiña a nosa herdade. Ven a maturidade. A interrogación d'aceiro que representa a fouce, comenza a ser incógnita despexada. Xa chegaron os días que os bardos anunciaran: as bréemas brancas, coma as almas que se recollen en sí mesmas, deixan camiño ó sol da libértá. Acércase a Pascua de Resurrección do «pondalismo».

A grandeza, o xenio do Bardo latexan nos seus versos. Nos «Queixumes dos pinos» vive un xeito de transcendencia. Vive y-alenta tod'o virtualismo dos «amigos da fala». Alí a gran visión da raza, no que ten de nómada y-audaz. ¡Aquel canto ás Américas, subrimemente fondo! Alí a consustancialización c'a nosa lingua; alí o berro cheo de carraxe contra da lingua estranxeira e femínea; alí a condenación dos redentores de remate de xantar; alí o consolo y-o estímulo pra os nobres loitadores; alí pol-o derradeiro, a xenreira, feita imprecacións, d'un novo profeta dos Trenos, que c'os puños pechados, aldraxa roncamente á cobardía d'a nosa raza escura que durme escravizada.

Adeprendamos de memoria, os versos do Bardo, hirmans. Adeprendamos coma él a non crebar a lira nunca, a non chorar xamais—inda que Curros a crebase unha ves, e chorase algunhas veces.—Adeprendamos de Pondal a ser enteiros. Morreu o «Uneco»; que siga vivindo nos «únecos», en nos...

\*\*\*

Non cantes tan tristemente,  
Probe e desolada nai;  
Non lle cantes cantos brandos,  
Pr'adormecer o rapaz;  
Onde está a cova do sono,  
No céltico carballal;  
Cántalle cantos ousados,

Q'esfórzado o peito fán;  
Cántalle o que xa cantara,  
O nobre bardo Gundar:  
*A luz virá para a caduca Iberia,  
Dos fillos de Breogán!...*

\* \* \*

As almas escravas  
D'ideas non grandes,  
Van pensando mil cousas femíneas,  
Molentes e infames.

Mil soños forxando,  
Q'o ánimo agobian;  
Arrastrando infamantes cadeas,  
Cal brandos ilotas.

Espíritos brandos,  
Espíritos muliebres  
Sedentarios, que lenta consome,  
A mórbida frebe.

Q'audaz liberdade,  
Tan só soña e ama;  
Vai pensando en propósitos férreos,  
Q'ergueran a pátria!

\* \* \*

Coroados de frores,  
En alegre banquete;  
Sobre do verde cómaro da vida,  
O corpo reclinado brandamente;  
Fácil hé ser magnánimos,  
E amistá prometerse;  
Pero cando a fortuna,  
Que constancia non teve,  
Cas usadas promesas,  
Inxusta nos fallece;  
Entonces os convivas,  
Que boas leis non reteñen,  
Pol-o pracer afeminado e brando,  
Unidos tan semente;  
Xa concluído o báquico alborozo,  
E cancións alegres,  
Valeiras as copas  
Do seu licor fervente;  
Entregar soen ó cobardé olvido  
O q'a lingua femínea promete.

O caso está na ruda  
Adversidade urxente;  
Diante da dura proba,  
Mostrar o peito enxebre;  
E sustentar magnánimos,  
Nos ideal ardente.

Só nos traballos duros,  
Q'o ánimo ennobreceen,  
Sábese canto valen  
Aqueles que reteñen,  
As leis do honor difízle,  
No momento solemne:  
Non coroados de suaves frores,  
En alegre banquete;  
*¡O peligro afrontando e o duro ferro,  
Así hé, así hé como se vence!*

Agárdobos na esquivá e dura proba;  
Quezáis en tempo breve;  
Non cenguidos de frores,  
En alegre banquete;  
Mais nos duros traballos,  
Q'o ánimo ennobreceen;  
Ante o transfúxo infame,  
Q'o honor compromete:  
*¡O peligro afrontando e o duro ferro,  
Así hé, así hé como se vence!*

\* \* \*

A lingua tiveran,  
Por lingua d'escravos;  
Esqueceran os pátrios acentos,  
Suidosos e brandos.

Dos propios acentos,  
Tiveran vergonza;  
De cautivos faláran palabras,  
De servos e ilotas.

Deixaran os doces  
Acentos xocundos,  
Por estrañas palabras de servos,  
Ignaros e escuros.

A nai afrixida,  
Da escura miseria,

Os propios tomára,  
Por xente estranxeira:  
E espantada escuitara dos fillos,  
A plática serva.

\* \* \*

A vontade homérica,  
E propósitos férreos,  
De facer bós e libres,  
Os españoles peitos;  
Dos novos ideales,  
O nobre e forte empeño;  
Non se cumpren somentes,  
Nos límites estreitos,  
Da pátria desmedrada,  
Pol-os antigos erros;  
*Nin deben, non, morrer escuramente,  
Nos xa minguados e cativos eidos.*

Mais axudando aqueles  
Do futuro sedentos;  
Q'o ideal, a raza,

Comunicámoslle a Cabanillas por telégrafo a morte de Pondal. E o gran Cabanillas mandounos, con data do nove do mes actual, estas liñas y-este soneto:

«Tremendo de dôr, na folliña azul do voso parte, escribin...  
É todo o que por hoxe pode levar á cova do chorado Mestre,  
o primeiro antr-os primeiros.

### NA MORTE DO POETA

Dou o queixume derradeiro o inxente  
bardo d-outras edás, forte e varudo  
cantor d-un pobo lexendario e rudo  
asoballado de estranxeira xente.

Dos guerreiros de Suevia posto ó frente,  
ós pés a lanza y-o batido escudo,  
agárdao Bregoán, doído e mudo,  
antr-os pinos da costa verdecente.

Mentras... da praya ó castro solitario  
vai do vento costeiro no bruído,  
com-un puñal, este firente berro:

¡Morréu Pondal, o vello lexionario!  
¡Cayéu en terra o pino mais brandido!  
¡Crebouse a lira celta de ouro e ferro!

R. CABANILLAS.»

Levan nos fortes peitos;  
E con nosoutros parten,  
Os bós campos ibéricos,  
E nos son somellantes,  
No sonoro acento,  
E no bogar lexano,  
E nos groriosos feitos:  
*¡Quebrantemos da serva Lusitania,  
Tamén os duros e oprobiosos ferros!*

Nos esquivos combâtes,  
E nos fortes empeños,  
Q'hai que ter pol-os nobres  
Ideales ibéricos,  
Non detéñal-a pranta,  
Nos límites estreitos,  
Non sigas os hispánicos  
Políticos pigmeos;  
Non olvides ¡oh forte!  
Os galaicos intentos;  
*¡Quebrantemos da serva Lusitania,  
Tamén os duros e oprobiosos ferros!*

\* \*

Cando os duros machádos,  
Feren os altos pinos;  
E caen con estrondo,  
No chan de Bergantiños,  
Cal xigantes erguidos;  
Sin gloria e sin renóme,  
Nos seus eidos bravios:

Mais ó caer, ceibando,  
Os ulidores piños,  
S'espallan na debesa,  
Pol-o mato nativo;  
E da semente s'erguen,  
Descendentes altivos.

Así, cando caéran  
Aqueles destemidos;  
De nobres ideales,  
Os bós peitos enchidos:  
Non caerán en vano,  
En oprobioso olvido;  
Coma o vulgo dos homes,  
N'escuridade estintos.

Mais o chan empapando,  
Do sangue escrarecido,  
Os campos de Suévia,  
Dos celtas nobre asilo;  
Non cederán á morte,  
E deixarán altivos,  
Perdurabre semente,  
De vingadores fillos.

Déspotas insensatos,  
Forxá, forxade grillos;  
Pode oprimir o ferro,  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres idéas,  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode, non, o duro ferro,  
Nin a morte extinguiolos!

\* \*

Os teus fillos sin conto,  
Certo en número igual  
As areas da ruda  
Praya de Barrañán;  
Que dispersos povoán,  
Con forte vaguear,  
A espaciosa *Colombia*,  
A da forma longal,  
Que sobérbia s'estende  
De un a outro mar,  
Coma inmensa baléa,  
De corpo colosal,  
Que despois de naufraxio,  
Sobre da praya está;  
Dende os salvaxes *toldos*,  
De mudabre acampar;  
Hastra os inxentes cornos  
Do rápido Uruguay;  
Dende a illa q'hé erma  
E nota as perlas fan;  
Hastra o frío *gandreiro*,  
Onde os Andes s'ón'estar,  
Como negros ferreiros,  
Q'en fera rolda están;  
E cos rudos martelos,  
O val fan resoar;

Forxando nas suas negras e altas covas,  
O precioso metal;  
O lazo recio e forte  
E garrido serán,  
Q'os fillos reconcilien,  
C'antiga e común nai;  
E os bós povos ibéricos  
Dispersos, xuntarán.

Cal vario e radioso,  
De monte a monte está,  
O ledo e curvo iris,  
Sorbe do verde val;  
E seus fermosos cornos,  
Soe ufano amostrear;  
Aos fillos da terra,  
Profético sinal;  
Tal ti, nobre e comprida,  
Boa raza lanzal,  
Nos dias da futura,  
Boa idade serás,  
Atamento garrido,  
Forte nóo sin rival,  
Ponte de ledos arcos,



Q'he doce contemprar;  
E os bós fillos do Luso,  
E os fortes hirmáns,  
N'un só nóo, fortemente,  
Os dous constrinxirás:  
*¡Tal he a somellanza sonora  
Do garrido falar!*

Si... dos fillos do Luso  
Q'apartados están,  
Por real estulticia  
Da groriosa nai;  
O pastor bóo e forte,  
Algun día verás,  
Q'a tribu vagarosa,  
Ao deixado chán,  
O descarriado gando,  
Q'agora errando está,  
Ao redil antigo,  
Gloriosa volverás.

\* \*

*Raza escura galaica,  
De rústicos instintos;  
Que inxusta sacrificas,  
Os teus millores fillos;  
Madrasta desleigada,  
De designios cativos;  
Proxente ignara e inculta,  
Q'aborreces teus incultos;  
Da polvorosa gleba,  
Povo tan só engreido;  
E ás cousas incrinadas,  
Dos escuros sentidos;  
¡Ay de ti, dura raza,  
De proceder esquivo;  
Ay de ti; que así tratas,  
Teus profetas divinos!...  
A quen ti, neciu, debes,  
Sair d'oscuro obvido,  
Dura raza, senon a estes videntes,  
Nobres e peregrinos?*

«Os amigos da fala»—agas, familia—fúmol-os únecos que velamos o cadavre do Bardo. Fúmolos únecos—e logo tanto galleguista de labios afora, tanto sepulcro branqueado—que baixamos en hombros dend'a capilla ardente á carroza púebre, o cadaleito do mestre; os únecos que o levamos á cova; os únecos que espallamos violetas sobre da tumba; os únecos que entoamos o himno gallego no cementeiro; os únecos que o louvamos no idioma propio; os únecos que ll'o frendamos unha cousa simbólica: unha lira de pino e carballo, con cordaxe d'hedra; os únecos que até agora, ll'adricamos unha velada necrolóxica chea d'espiritualidá, e desentimento.

Non poden, pois, os labercos, abogadiños villegos, nin tampouco os de rueiro, nin corredoira, despoxarnos mediante preito, do lexítimo nome de «únecos» testamentarios do pondalismo, que é dicir, de enxebrismo, n'unha verba.

*A redenzón da boa  
nazón de Breogan,*

Soyo con nosco pode vire... Con nosco, que non imos honrar ós mortos gallegos, ó son d'un pasodobre d'opereta italiana, antre bombo e platillos; con nosco que oiremos sempre o grave tanguer da campana d'Anllóns, coitando que nos chama a somatén vengador de vellos aldraxes.

XA QUE SE QUERE...

## Galimatías, crítico

Don Matías Usero Torrente, publicou na *Voz de Galicia* un xuício de «Muros de oro» que prañada terfamos en conta si soubéramos que n'había inconscientes no mundo. Ningunha persoa que discurra por sí mesma pode facer caso de

xuícios tan pouco xuíciosos que non responden a nada formal no senso da crítica moderna.

Estas liñas, pois, non van adicadas ós homes intelixentes, senon ós parvos y-ós amigos das «opiniós feitas».

Don Matías Usero escomenza dicindo que é rexionalista «irreductible». Creémoslo de boas a primeiras. Mais logo que límos o seu traballo caótico e sin fondo, a surrixa veunos ós labios. Y-esta surrixa fíxose maor e d'outro xeito cando nos dixeron que aquel escritor pon no membrete das suas cartas: «Matías Usero - Ferrol - España».

Vaites, vaites c'os rexionalistas «irreductibles», discípulos de Brañas. ¡Si resurxira don Alfredo!...

Pro imos ó grau.

Don Matías di que non acorda respeito ó teatro c'o parecer de quen esfórzanse en crear obras con tésis e linguaxe galegos. De maneira que a sesta parte da poboación da nosa terra que obedecendo á lei natural do «menor esforzo» fala soyo no idioma que herdamos no berce. ¿pode levarse a escea en castelán sin que padezan a realidade y-a verdade? ¿De maneira que a sesta parte da poboación da nosa terra c'os seus usos, costumes e psicoloxía propia, c'a sua alma viva, latexante na sintáxis do galego, non fica inédita pr'ó teatro si no teatro s'emprega o castelán?

No castelán, trunfará sempre aquilo que haxa d'universal na obra d'arte: no castelán coma no galego ou n'outro calquer idioma: mais o privativo d'unha rexión e d'unha raza—y-a raza galega é a mais definida entre total-as d'España, a catalana inclusive—eso soyo na lingua feita de natureza que dona os homes que queren «levárese» ó teatro, pode alumearse. Non lle dia voltas, don Matías.

\* \*

E agora falemos de «Muros de oro» Pra o señor Usero, «sin eufemismos» é das comedias contemporáneas millores pol-as situacións estéticas (¡), pol-os discretos fondos, pol-o fluído parolar e pol-a tendencia san e forte.

Poucas veces—di D. Matías—se chegou tan ó fondo na diseición psíquica d'un alma galega «femenina» coma unha *Ermitas*, persoaxe símbolo d'aquela admirabile comedia.

Pois ben, «sabente crítico», «Muros de Oro» é con relación a unha obra fonda de teatro que o cromó ó cadro d'un bon pintor. «Muros de Oro» soyo pode entusiasmar ós que gustan dos cromos. Y-os que gustan dos cromos, xa temos sabido que s'aburren no Museo do Prado.

Nin un ser de carne e hoso, nin un soyo ser real atopamos na comedia de marras. E vayan probas por diante. Probas sin método, porque pétanos non escribir moito. Coma elementos pra unha crítica fonda.

E natural que uns rapaces ricos, acostumados á vida de sociedade de Bos Aires, onde naceron e se criaron, s'aburren na aldea d'Iñobre. Non soyo de paisaxes vive o home. Póñase don Matías no pelexo dos rapaces e habere que fai. Se son mal ensinados, pol-a culpa do pai terá de ser.

Fanse bós cando conocen a ruína. Por un feito material, non por un proceso espiritual. ¡Coma unha redención por falla de metálico! Vaya unha rexeneración... por egoísmo. A forza aforcen.

Logo, *humanamente*, terían de sentiren carraxe pol-a compasión que despertan ó derradeiro. ¿Quedaríase a rapaza criolla no pazo do tío, deixando marchare soyos ó pai y-ó hirmán si

se dera a escea na realidade? Dad'o seu carácter, non. Preferiría ser mucama, hourizontal, calquer cousa, dinantes de verse soya y-escravizada pol-a compasión n'unha aldea, tan lonxe da terra sua. Orgulo e amor propio non s'esnaquizan tan axiña.

Por outra parte, unha rapaza coma Ermitas que contradí sua natureza maina, filla do ambiente ó deccrarselle a Raul, o estranxeiro que asoballou sua terra e seu fogar, non deixaría na realidade de descubri-lo o segredo da falsa ruína ó mozo que quere con pasión tola, salvaxe, cando este se lle vai, pesi-a todol-os xuramentos.

¡Ermitas, símbolo! Si, da Galicia d'oxe, Galicia noxenta que lambe mais gustante a man do centralismo canto mais o centralismo y-o cuneirismo asoballana y-aldraxana. Non, a muller galega non é eisi. A muller galega é o mais dino e rebelde que temos.

¿E Raul? Raul, de non sere parvo ¿podería crer n'unha ruína tan súpeta, cegamente, cando o púbrico decátase do truco axiña? Tendo en conta seu carácter e sua educación, cando mete o frac na ucha e dí que lle pode servir si se fai camareiro de café, falséase por comepreto. Un señorito coma él, que sabe esgrima, que derrochou con cortesanas moitos cartos, que é boa figura, soyo pode pensar en sere *chulo*, *coime*, etcétera.

Xa non falemos do pintor, persoaxe de revista sin senso de realidade; nin da apoteosis cursi do fin do primeiro acto que si nos fai rir a nos, ¿cómo non habería de facerlles gracia ós rapaces criollos?

Xa non digamos nada dos latiguillos retóricos, que desfán os efectos mais serios da comedia. No trance do duelo, o pintor frente d'unha pistola bota un discurso. Morta a emoción. Cando o indiano descubre o amor d'Ermitas pol-o seu fillo, outro discurso da nena esconsolada sobre da esperanza... E non falemos dos defeutos de técnica. A farsa da ruína ¿non debería preparala o pai de Raul d'acordo c'o seu hirmán?

Díganos, pois, D. Matías si non pecou de lixeiro.

¡Que ll'aproveiten os cromos!

ORIENTACIONES QUE SE IMPOÑEN

## Cando vai torta...

*Outra ves vimonos incomunicados co resto d'España pol-as deficiencias do camiño de ferro que co'él nos enlaza, e pol-a incuria incalificable da Empresa do Norte, dos gobernos e de todos nos.*

*Láyanse os mercadantes, láyanse os viaxeiros e os xornaes protestan mainamente pra non conseguir mais cousa, que o restablecemento das comunicacións tres ou catro días dempois que pasou o temporal; e, hasta que outra ves se repita a función; pois todo queda na mesma.*

*Outro galo nos cantara si gobernos e cidadás españoles teimaran a expansión portuguesa cara ao Norte, — unha garimosa aberta, unha estreita intelixencia entre os dous pobos hirmáns—, ou ben si vislumbraran a posibilidade de que Galicia de por sí, en tratos co-a Ingalaterra, repetise aquelas convencións que en 1808 abrironlle as nosas portas pra loitar contra as forzas napoleónicas.*

*Alén d'isto, estaríamos mellor servidos,*



se os nosos homes de diñeiro fosen mais patriotas; e primeiro que s'estraxeirizar, deran cumprimento ás súas obrigas para co pobo onde nasceron, e onde os mais d'eles fan os cartos, ou os fixo quen en herdo l'os deixou; diñeiro que logo meten na deuda pública ao servizo d'outras rexións, sin se ocupar das necesidades do seu país, onde tal ves, tendo un pouco de patriotismo, poideran adicalos conseguindo dobre proveito.

Cando nos tivermos boas redes de camiños pra o servizo, non das fincas dos políticos, se non pra as necesidades das comarcas mais laboriosas, cando as locomotivas máis rápidamente as cidades galegas; cando a través do Norte d'España houber un velós contauto co-a Francia; e cando as naos dos nosos portos saíran pol-o mar cubrindo o froito do traballo nacional, co-a bandeira branca e azul, e os nosos representantes nas Cortes españolas fosen verdadeiros mandatarios do pobo galego; entón, ¡ay entón!, tede por certo que Galicia deixaría de ser a cincenta, pasando de contado a ser o mimo do estado español.

Xa sabedes pois, que camiño nos conven seguir.

EMILIO RODRÍGUEZ LEMA.

POÑENDO PUNTOS...

## O REXIONALISMO É PROGRESO

N-unha carta que un meu querido amigo me dirixe, falándome do movemento rexionalista actual, dime:

«Verdadeiramente se nada máis é que cultivo e porpaga do idioma gallego, non é nada; o que m'eu temo é que máis adiante, cando os iniciadores vexan a súa labor coroadada pol-o éisito, queiran leval-o rexionalismo a unha campaña coma hoxe a fai o aborrecido partido catalanista»...

E tamén di de A NOSA TERRA:

«Vexo que ese boletín é moi gallego de mais, pois non temos que esquencer que dinantes que nada somos españoles, e hoxe mais que nunca debémonos deixar de rexionalismos pra nos apreixar d'arredor do goberno, axudalo moral e materialmente, e non facer autos que perxudiquen a nazón»...

Como éste é o sentir de moitos gallegos, disgraciadamente; uns, coma o que me escribiu, arredados hai moito tempo da Patria sen saberen o desleixada qu'está pol-os gobernos, como s'eles foran os primeiros en desbotala do concerto das nazós hispánicas. Outros n-ela, pro, non tendo nunca saído por outras terras, coitando que a súa é ruín, porque conocen as súas ruindades (das que eles son os maiores culpables por non axudar a lles poñer o debido remedio), pero non conocen as ruindades das alleas.

Non sei se acertarei a convéncel-os que d'este xeito pensan, xa que o meu probe maxin non está afeito a alumar outros entendimentos que o propio; pero se pol-as miñas verbas chego a abranger que cavilen pol-a súa conta n-estas cousas, teño a seguranza de que atoparán as razóns e os convencimentos qu'eu non soupen espoñerlles.

E certamente pouca cousa o cultivo do idioma, pero ¿está ben, inda que pouco sinifique, cultivar e propagal-o idioma gallego?

## GADRO BRANCO

En Cataluña, non houbo un soyo deputado provincial pol-o artigo 29.

En Guipúzcoa e Vizcaya, non trunfou ningún candidato do Goberno. Trunfaron antidinásticos e nacionalistas.

De Barcelona recibimol-o siguiente telefonema:

«No nome da Lliga Rexionalista rogo comuníque amigos nosos da Hirmandade da Fala, noso gran trunfo eleitoral. De 21 candidatos rexionalistas saíron vitoriosos 19, perdendo soyo dous postos por poucos votos.

Unha forte aperta.—AGULLÓ.»  
¡Visca Catalunya, «mater ibero-rum!»

«Como españoles debemos falar o idioma da Patria España,» nos din.

¿E como gallegos, debemos esquencer o idioma da Patria Galicia? ¿Cal das dúas é mais Patria nosa? ¿Onde nacimos, onde temos os nosos amigos, a nosa familia, os quereres, as lembranzas da nosa vida; ou a que conecemos de oidas, e que solo se coida de nos pra nos eisixir tributos ou levarnos a guerras que ningún proveito han traer nin pra nos nin pra os nosos fillos?

Debemos, como patriotas gallegos, cultivar a nosa fala, xa que como españoles precisamos falar o idioma oficial do Estado. E se todol-os gallegos usamos a lingua propia teremos algo que nos una. E conseguida a xuntanza ¿pódese dicir que fixemos mal en cultivar-a fala?

Certamente que despois de conseguido o primeiro éisito traballaremos pol-o segundo. Pol-o rexionalismo que fai o partido catalanista.

¿Pero porqué lle chaman «odioso» ao catalanismo?

O catalanismo conseguiu que Barcelona sexa a primeira cidade d'España, e un dos primeiros portos do mundo; como conseguiu que Cataluña sexa a primeira rexión da península pol-as súas industrias e pol-o seu comercio, como pol-o adianto das ciencias e das artes.

¿Valeuse de malos medios pra conseguilo seu progreso moral e material?

Non. Usou a fala, usou o grande amor á terra. Estas dúas cousas uniron aos catalás. Cando estiveron unidos, reclamaron do Goberno aquilo a que tiñan dereito; eisixiron que cumprira o seu deber con Cataluña.

¿Esto é ir contra o Estado español? ¿Esto merece o título de «odioso»?

Pol-o contrario. Se todas-as rexións españolas fixeran o que Cataluña; se todas lle imitasen ¿Non sería España un gran Estado? Non é perxudicar; é axudar; pro é axudar como homes, traballando pol-o progreso e melloramento do país. Non é desfacer o Estado. E facer de rexións probes, rexións ricas; d'un Estado esgrouviado, caduco, unha froucente confederación de nazós progresivas.

¿Quenes son d'aquela os que chaman odioso e desvirtuan o catalanismo?

A pouco que se mire, vese. ¡Hai tantos empregados do Estado (mellor deciríamnos dos zamezugas que gobernan) que soilo o son pra cobrar-as soldadas! ¿Qué menos han facer que tratar de que eso dure? — L. DE SERGUDE.

## Do meu feixe

OS CURSIS.

Din os mais sabidos que a fala non é precisa pra redención de Galicia. I-entre iles, rapaces de valemto, dedicados de cote a estúdeos literarios, dos que algúns son cuáseque escritores. Istes mozos débenlle a-o castelá saber esquirbir... en galicursi. Son os que falan das damise-las y-os ollos glaucos. Son os que copearon e copean as verbas decadentistas de Verlaine y-outros poetas franceses. |

D'iste xeito, apoloxistas do castelá, chegaredes a falar ben o francés. Porque o voso castelá nin é enxebre nin farrapo de gaita. Defenden o castelá y-o asesinan. Fixádebos quenes son os que falan mal do galego e veredes coma ningún d'iles sabe esquirbir en castelá. Cursis, rematadamente cursis, están namorados do *savoir faire* dos cativos poetas d'agora, todos iles—ou cuáseque todos—influídos pol-as cousas d'outro lado dos Pirineos. Y-o pior de todo é que, da gran lingua francesa, non copean o xenial, o forte y-o preto. Soyo toman d'ila o pequeno y-o encolleito.

O que xa eu dixen: son cursis, qu'é a verba que millor lles ben.

Deixémolos a unha veira e tampouco non falemos dos caciques, siñoritos de casino e demais presoaxes castelanistas. Falemos da nosa fala. E non digamos que está chea de dozura, qu'é meiga e leda, que n'ila cantan os anxos. Ista son causas somentes pra os que sepan ouvir. Deixemos de cote as fiucións poéticas. Digamos que a fala é unha forte, latexante necesidá. E que é fatal seu emprego ou que morrerá Galicia. E sabedes, castelanistas, ¿qué pasará si morren as diversas nacións españolas? Que tamén morrerá España, que s'hundirá Castela. O úneco xeito de darlle vida a iste corpo estrombado é o rexurdir de cada unha das nacións da Península. A fala é forza viva. Con ila espallarase a intelixencia coma un vento berrador. I-en España, meus amigos, o pensamento somentes saye pol-os buratos. Cada lus está debaixo d'un apaga-cirios y-é lus de candil. Fai moita falla a guerra civil espiritual de que nos falaba o gran Unamuno. Guerra de cada unha das individualidades, de cada unha das colectividades, de todas e cada unha das nacións d'España. Canto mais nosa sexa a nosa personalidade mais elementos atoparemos pra isa loita dos pensamentos. E d'ela escoarán os contrastes, as comparanzas o pensar cada un pol-a nosa conta. En unha soya verba: teremos mais cultura, faremos qu'o Estado sexa mais forte, pois seus fillos estarán mais preparados pras loitas inteleituás.

Son precisas as escolas—dándolle á escola o senso de pauta, de feixe d'autividades do espírito. Fixádebos que eisí non somos ninguén. E falando en galego, facendo que a Universidade sexa nosa, nosos a nosa ciencia y-o noso arte, veredes como facemos escola e poderemos influir nos demais, recibindo, a-o mesmo tempo, a influencia dos outros.

Falar en galego é crear un núcleo de lus, un faro pra nos e pra os demais. Falando en castelá seremos somentes un anaco da Península sin mais personalidade qu'os ríos, y-as terras, y-os montes y-os arbres. Cousas espalladas, escangalladas no deserto espiritual d'España. Nin síquera números nin cifras. Cantidades negativas pra que estudien en nosco os que s'adequien á facer xogos alxebraicos.



## PORTUGAL.

Di o meo amigo Taibo que a mais grande autoridade filolóxica pra os galegos é o portuxés, l-é moi certo. Cando teñamos dúbidas en cuestións gramaticas debemos ire a recollere as solucións nos poetas y-escritores portuxeses. Por iso nosos gramáticos e nosos literatos saben un anaco de literatura portuxesa.

Pr'o resto...

O resto de Galicia, coma o resto d'España non sabe de Portugal nin unha verba. Contos ridículos, pensamentos aldraxantes, correndo de beizos en beizos, van por toda a Península, niñando nas l-almas. l-é ben certo qu'os galegos somos cuáseque os mais culpabres de todos. Non coñecemos a nosos veciños, coma pasa na vida: na que as veces nos atopamos conque o que vivía no sobrado d'enriba era un xeneral ou un sabio ou un gran mestre, e o soupememos cando morreu. «Morreu o seu veciño: era un xenio!»—E nos, qu'o víamos subire as escadas, e coidábamos qu'era un laberco, quedamos cheos de pasmo. ¿Quén nos diría qu'aquel velliño era unha estrela moi branca?

Que non nos pase o mesmo con Portugal. Que non seipamos o que é, dimpois de que morra pra nosco. E perciso crear lazos con Portugal: non apertalos, pois non eisisten ate agora.

E unha obrigación pr'os *Amigos da Fala* descubrir a nosos veciños, que pra nosco están oxe mais lonxe que o Novo Mundo pra Colón. Inda que lles dé noxo a os patreotas da *Marcha de Cádiz*, somos e debemos sere mais hirmas d'os portuxeses que d'os castelás. Hai moi fortes ligaduras entre nosco e eles e nosos pensamentos teñen de sere parellos. Detrás do Miño hai unha gran cultura e por ise camiño temos abertas as portas d'un amplo hourizonte. Por ise camiño poden correre os destínos da nosa raza. E sería un crime que tendo eisí aberto un porvir cheo de sorrisas metéramos nosos miollos pol-os curutos. De curutos xa estamos cansos. Queremos vivire, vivire ampliamente, con moito aire pra respirare. Queremos, castelanistas, que nos dé a rayola nos ollos e na frente. A vida nos chama y-é noso deber vivire con amplitude. E vivire non é soyo xantar, que non soyo de pan vive o home. Inda *Os Lusíadas* non romataron e podemos sere nosco, os galegos, quenes axudemos a finalos con groria.

XAIME QUINTANILLA.

## LÓSTREGOS

Na nosa porpaganda e nas nosas predicas ¿debemos empregar o matiz dóce e sôave da nosa fala, cal marmulo de bandeira frotando sobor terra redimida? Non; é nosa obriga tendo en conta que no noso pobo hay espíritos pasmados e concenzas dormidas, falar baril i-ergueitamente pra qu'esperten, falar recio e forte con brilar de lóstregos e retumbar de tronos, co-a bravura do noso mar cantareiro e zumbón, co-ronco fugar do vento das suradas ó pasar pol-o piñar de piño en piño en afougantes apertas.

Si a un pobo que atópase amarrado de pes e mans ó cepo da escravitude se lle fala dos seus dóres e da libertade que non tén; si se lle dí que o caosante dos seus males é bon e que o sere escravo obedece somentres a que nadeu predestiniado pra o ser, ise pobo con triste surrisa e mal enxerguida nobreza, ascoitará nosas predi-

## CADRO MOURO

*En Galicia, saiu a maoría dos deputados provinciales pol-o artigo 29.*

*Non trunfou ningún agrario, rexionalista nin antidinástico.*

*Eso que na nosa terra todol-os primeiros problemas son agro-pecuarios. Eso que na nosa terra todos nos chamamos rexionalistas... ortodosos. ¡Qué bulra!*

*Os agrarios na provincia de Pontevedra loitaron ben. Pro dentro da lei, sen saírese da lei, ¿pode ser vencido ó Marqués-virrei?*

*Ate agora, Galicia soyo é un axuntamento de tuiñas, con cabezaleiros en Madri. Inda non sabemos ver na fouce siquera unha interrogación.*

cas sin un rápido brillo de carraxe nos ollos, nin un convulso estremecimento de rebeldía no corpo.

Si a ise pobo lle falamos en troques de cote que a escravitude que sofre é filla do seu apoucamento e da probe condición que ten de asomellarse ó can que lambe medoso a man do tirano que deixa cael-a tralla enriba do seu lombo; si a ise pobo enseñámoslle a sentir odio e non agarimo contra o amo que o magoa moral e materialmente; si a ise pobo lle faguemos ver que val cen veces mais que aquel que o ten agrilloado, ise pobo ten por forza que comoverse ate o fondo da sua i-alma e sentire correr pol-as suas veas morna sangue que chegará ó corazón chea de odio pra trocarse alí en agarimo e devozón pol-a idea que oxe non sinte, percisamente por iso, por que non odia, e o pobo que persoal ou coleitivamente non sinte odios ou celos, non pode ter ideial algún coma lle acontece á nosa terra.

¿Quen nos magoa? ¡Castela! ¿Quen nos aldraxa? ¡Castela! ¿Quen nos impón tributos e trabucos, sin beneficio algún en troques? ¡Castela! ¿Quen nos mide co-un embudo, ancho, moi ancho pra ela e abondo d'estreito pra nos? ¡Castela! Pois si Castela nos magoa, aldraxa, chucha e aerroxa, ¿non temos dreito ó menos que se pode ter dreito, a sentir odio contra ela? Enxergo que sí; enxergo qu'estamos no deber de inyeitar ise odio no corazón dos nosos hirmans, non pra esnaquizar-a nin pr'atentar contra ela sinon pr'arrebatarlle os dreitos que sobor nos non ten; pra faguer dela en ves de a Castela centralizadora, unha Castela hirman que sexa grande e forte como total-as nazons hirmans, pra que tamen sexa mais grande e mais forte a Unidade ibérica.

Si chegáramos a inyeitar e acochar no fondo da i-alma dos galegos ese odio á Castela centralista, inyeitado e acochado quedaría na i-alma dos galegos o amore a Galicia que oxe desgraciadamente non sinten, porque ou pensan qu'están ben e crên nin pensan en nada, caosas a unha e a outra moi naturais, pra non sentir nin agarimo nin odio... ¡Probe e desgraciado pobo!..

Por iso volvo e repito que hai que falar forte e recio decindo verdaes a puños, e deixémonos de lirismos e choriqueos que si nos dan vida a i-alma mátan-os o corazón en troques, e deixan-os insensibles ós aldraxes e ás bondaes coma si fóramos momias.

Os «Amigos da fala» témol-a obriga de berrar ate que nosos hirmans esperten do sono d'escravos en que agora viven, e que unha ves espertos sintanse os seus ruxidos de odio no corazón de Castela. Os «Amigos da fala» emprendimos unha loita boa e santa; boa e santa porque o porvir de Galicia e o de total-as nazons hirmans ten a sua base na autonomía nazonal.

Cansos de pedire bon goberno e o non atopar, deseiamos libertade de goberno, non pra soparrarnos d'España sinon pra xuntarnos mais, pois a vella nai que ten fillos ricos e fortes, rica e forte vése ela, e non como é agora unha vella probe e desvalida sin mais forza que a sona do que foi, e que atópase coma os probes das romerías n-unha veira do camiño Europa co-a man estendida, pendente o seu vivire das limosnas ou benefícios que as nazóns que van e veñen lle queiran dar.

V. ULCANO.

TRADUCIÓ DE LEANDRO CARRE

## CUADRO DE FEIRA

por GABRIELLE D'ANUNCIO

A barraca cuberta por un lenzo empapado pol-a chuvía somellaba n-aquela media escuridá do anoitecer un monstro animal esfameado, cuios descarnados ósos marcábanse baixo a pel.

Lázaro estaba de pé diante da barraca, medio abrutecido, empaquetado n-un vello e sucio traxe de malla que lle facía rugas pol-as pernas magras; ollaba a campía pálido, taciturno, atrestecido pol-o esqueleto d'algunhas árbores que s'erguían por riba da brétema, baixo a tristeira humidade do ceo. Fitaba a campía lívido, e o reflexo da fame lostregáballe nos ollos.

Xa levaba un día sin xantar; os derradeiros codelos de pan foran devorados aquela mañán pol-o seu fillo, aquel coitadiño de cráneo pelado e grande coma unha cábaza; pero él tiña a barriga tan baleira coma o bombo no que zoupaba chamando á xente pra lles pedir unha cadela por veren aquel horrible fenómeno.

Mais non chegaba ninguén e o neno quedaba no interior, deitado enriba d'unha morea de farrapos, co'as perniñas encollidas, tremendo cós calofríos da febre, na mentres que o zombar do bombo dáballe espasmos de delor nas sens.

Do ceo escuro caía un orballo infindo, rabioso, que s'infiltraba por total-as partes, que chegaba hastra a médula, que callaba o sangue nas veas.

O barullo do bombo perdíase sin eco no contristamento do crepúsculo outonal; e o probe home zoupaba, dereito, lívido, atorpecido, cravando os ollos na soma como se buscara n-ela algunha cousa que devorar, escoitando entre cada golpe pra ver se chegaba hastra él algún berro d'un bébedo. Volveuse duas ou tres veces pra examinare aquel farrapo de carne vivente, que xadeaba alí deitado no chan, e os seus ollos atoparon unha ollada de suprema delor.

Non se veía ninguén. A soma d'un can apareceu pol-a rua escura; pasou axiña por diante d'eles, cò rabo antre as pernas, e parouse detrás da barraca pra roere un óso que atopare Deus sabe onde.

O bombo calou; ráfagas de vento facían arremuíñal-as follas secas, baixo d'os carballos; despoil-o silencio; e n-aquel silencio os gruñidos do can, o marmurio da chuvía, e de tempo en tempo o estertor do neno—un estertor que somellaba coma si saíra d'unha gorxa tronzada



D'O MEU OLLAR

## O porvir d'a nosa raza

Ollando n'os antigos volúmenes, foletos e boletíns; inquerindo, n'as vellas páxinas, n'as primeiras follas esquirtas pol-os mestres historadores da nosa Galiza, aló, diante d'a «Bibliotega d'o «Centro Galego d'a Habana», cando meu vello amigo Fontenla tiña o seu cargo ordear canto aquela entón contiña, eu, novo rexonalista n'as alleas terras d'América, fun facéndome, pouquiño a pouco, esprito e concenza; e intuitivamente, das antigas evolucións d'a nosa raza, reflexando n'a miña y-alma unha fonda ideya, xamáis esquecida, de cote compañeiría por onde queira que vin, lèndo, a vida d'as tradicións, d'os feitos, d'as costumes, d'os sentimentos, -as crènzas, -e os máis fidalgos e perfundos pensamentos d'as xentes d'o noso chan

De meniño, entón, xa meu ollar viu o máxico esprendore do porvir d'a raza. Ela, n'os seus primeiros tempos d'as loitas céltigas, víñase revelando disposta pra faguer pobos valentes, namorados d'os eidos natívos; sangue herdada d'os bariles peitos, corpos sans d'uns páis e fillos fortes, entendimentos e curazós d'homens de xenio e de virtú votiva.

Mantida miña ideya pol-a millor base d'a nosa raza, sangue d'alento, esprito d'un ambiente brudore, ergueitamente sostido co'a mesma forza y-o lentor mesmo da nosa meiguiceira Natureza, -fadiña e nay e reina, -e lembrando o escenario d'os feitos groreosos, iste paradiso de terra galega; día á día, noite á noite, o fogo sagrado foy levándome a unhas soñaciós xigantes, e vin tamén en sonos inorvidabres un porvir de milloramento, puxanza xuntadoira, hirmandade libre e forte, conselleira d'unha gran vida de civismo, de novas civilizacións, de progresos novos.

Vin xeneracións de galegos enxebres, rexenerantes; precursores recorrendo as novas corredeiras d'o Arte, d'a Cenza, d'a Liteiratura; emigracións afeitas á vida galega, traballando de cote pra seu porvir brillante; vin eirexas cal tempos rexonalistas, ond'a virxe d'o noso amor tiña ergueita a nosa bandeira querida; vin xuntanzas de fillos da patria, falando d'a Nay Galiza, pra ile dar c'os aforros milloranza, ouro d'as suas caixas, e ideyas d'os seus entendimentos, e agrimos dos seus corazóns. Vin e vexo, gracias a Deus, unha moi sobriñe realidade: as setenta asociacións galegas d'instrución en Cuba sostenendo as escolas xa feitas na patria.

¡E cántos feitos d'hoxe, cántas derradeiras forzas vivas pra nosos milloramentos! ¿Quén dúbida terá d'o noso gran porvir? ¡Ninguén poderá ter a crènz d'unha baixa ou moria ideya rexonal, ollando, co-a fe dos videntes, o esprito que latexa n'os feitos d'os novos conxuntos, d'as novas forzas, d'as hirmandades sereas, enxebres e loitantes!

Veredes, hirmans, d'a raza d'os tempos pra vir, posta sua y-alma n'os altares d'o Arte da Cenza, da Liteiratura; n'os centros de todol-os ordes d'a autividade espiritual e material.

Veredes, hirmans, en cantas escolas poñan acó, os galegos emigrados, a carón, coma quen dí, d'o lar, mestres galegos insinuando ós meniños a lingua d'as suas nais e falando o galego n'as vilas e n'as cibdades, non en voz baixa, senon rubindo cada ves máis a voz d'a y-alma galega.

Ollarán os homes d'o porvir, unha moi longa capital d'a Galiza, con moitos miles d'almas, e n'a rexón moitos millós de galegos; fábricas,

grandes industrias, canto pol-a terra adiante ten que vir c'o tempo, qu'inda Galiza está por facer e d'o pretérito temos boa conta pra que medre. Terra a nosa, por seu esforzo, por seu valimento, pol-a sua mestra máis sabia e groriosa: ¡A Natureza!

J. FERNÁNDEZ MERINO.

## DE MIN PRA VOS

¿Tí sei que dormes?

O Tío Farruco, o taberneiro mais vello e o que mais e millor parroquia tiña no lugar, vivía na taberna sin outra compañía que a de unha vella e crecha cotorra que lle mandara un seu sobriño dende México, en pago dos mil e cinco centos de réas que lle prestara pra marchar pr'aló. Mandárala nos comenzos de se atopare naquelas terras, por un seu veciño que viñera a pasalo vran entre os parentes, e dende enton non tivera outra noticia do seu sobriño. Ben é certo que si os mil e cinco centos de réas llos deran pol-o condanado do paxaro, pódobos asegurar que o non vendía pol-a moita compañía que lle fagufa co seu parolar, non na lingua dos *rotos é pelaos aztecas*, sinon na galega, que a falaba de tan bon xeito que mesmo daba xenio ouil-a.

Entre as moitas meiguerías que a condanada fagufa, tiña por costume o Tío Farruco despois de que pechaba a taberna, ire onde a ela e o decirlle:—¿Tí sei que dormes?, collía co-unha pata o candil qn'estaba preto da sua xaula, e dáballo contestándolle esperguizándose:—¡Ehí vai iso! O Tío Farruco collía o candil surrín dose, e fbase ardeita ledo do gananzal do día, e satisfeito de tere tan boa compañía, pois coma el decía:—A non hai millor no mundo: non fuma nin bebe, non ten vicios; fala o que soube, non dí parvadas; viste o que ten, non é orgullosa; come o que lle dan, non é larpeira...

E abondáballe a razón.

\*\*\*

Noite de inverno. Auga, vento, lóstregos e tronos. Nun coarto da taberna xogan un par de netos de viño á brisca, Ramón e Marcelino contra Xan e Chinto. Sobor da mesa un xarro e duas cuncas de barro, que con catro cadeiras, o candil colgado no medio do teito e preto d'el unha xaula co-a cotorra, compoñen o mobiliario do dito coarto de xogo.

Xan e Chinto levaban tres xogos perdidos pol-o moito que riñan, pois Xan tiña moito xenio e Chinto moita cachaza. Comenzan outro xogo, espallaban as cartas e Xan pergúntalle a Chinto:—¿Tí tés brisca?

—Teño—contéstalle Chinto.

—Veña brisca.

—¿Non será moi cedo, Xan?

—Non slñor; ¡veña brisca!

—A non comerán, Xan..?

—¡Xoga brisca, reporra, mándocho eu!

Xogou a brisca Chinto, matou Xan de cabalo, e o contrario matou o rei. Os contrarios surrironse, Chinto rascou a chola, e Xan mordeu as cartas.

—¿Non cho dixen Xan?—rosinou cachazudo Chinto pousando as cartas na mesa.

—Xa que soubes tanto, leva tí o xogo—contestoulle Xan surrín dose socarronamente.

—¿E non hei levar, ¡E ganaremos!—reprecoulle Chinto.

Siguiron xugando e perderon aquel, mais ganaron catro seguidos e puxéronse á altura dos

contrarios. Atopábanse catro a catro, e com'a partida era a cinco, os que ganaran o que fallaba ganaban os dous netos.

Espallaron cartas e o comenzaron a xogar. A Chinto comenzouno a tentál-o sono, e Xan por duas ou tres ocasións o tivo que despertar.

—¿Que queres que xogue, Chinto?

—Agarda oh; o sono tenme telo.

—Pois a ver si t'esperguizas que a ganancia está neste.

—Por mín a non quedar. ¡Veña brisca!

Chinto pideu a brisca aturulado có sono sin ter un mal trunfo na man, e perdeuna.

—¿Tí non tes trunfo Chinto?

—Perdóame Xan. Trabuqueime co-as cartas...

—¡Poña, que a fixeches boa! ¡Pártate un raio a tí e mais ás tuas parvadas!

—A modo oh; non fales de raios co-a noite qu'está.

—Non me dan medo nin anque os vexa pol-o meu arredor.

—¡Non son cadelos que s'espanten có pé!

—Si non son cadelos, abre os ollos e xoga.

Siguiron xugando, mais era tanto o sono que tiña Chinto, que volveu a quedar dormido co-as cartas na man e o pito na boca. Xan incomodouse de ves e dándolle a Chinto co-as cartas na cara, díxolle erguéndose:—¿Tí sei que dormes?

A cotorra o ascoitare as verbas que lle decía o Tío Farruco pra lle pedire o candil, sacouno do cravo, e coma ninguén llo termaba, deixouno caer enriba da mesa decindo:—¡Ehí vai iso!, o tempo que un longo trono retumbaba alá afora coma o estalo de unha milleira de foguetes xuntos.

—¡O raio, a maldizón de Xan que nos caeu!—berrou mais que dixu, Chinto, ainda medio lelo có sono.

O que alí aconteceu non é pra o contar, e coma o candil o caer, apagárase, armouse ali unha tremolina de mil dúcias de demos.

Ramón torpezou con Chinto o querer fuxir, e foron a dar os dous de fuciños debaixo da mesa, berrando coma tolos:—¡Un raio, caeu un raio!

Xan querendo agarrarse a algo agarrouse á xerra do viño qu'emborcou por enriba de Marcelino e o que o sentil-a molladura comenzou a berrar:—¡Tío Farruco, sangue. sangue! ¡A min fireume! E a condanada da cotorra por non ser menos que os outros, decía a berro pelado:—¡Farruu...co que che rouu...baaan!

O Tío Farruco o ascoitare tal algareira, colleu un fungueiro e foise en direizón do coarto de xogo. Cando veu a lus apagada e sinueu berrar a unhos e outros, sin encomendárese a Deus nin o demo, entrou a fungueirazo limpo, e non llos debía dar o vento, porque os berros creceron o dobre, e ate o paxaro debeu de pillar algún pois berraba o seu gusto.

Aquela festa durou ate que o Tío Farruco canso de dar paus, pousou o fungueiro, alcendeu un misto e có misto o candil qu'estaba sobor da mesa e deston acraráronse as cousas. Erguéronse os catro rapaces o ver o Tío Farruco co-a lus na man, e non faguían outra cousa que ollar pr'as taboas da mesa e pra o teito a ver si atopaban o furaco que fixera o raio.

O non atopando, contáronlle o Tío Farruco coma fora o conto, e cando este veu a cotorra sobor de unha cadeira tumbada nun currunchido do coarto, votouse a rir e díxolles:

—Sobor de aquela cadeira,—amostrándolles a cotorra—tedes a causa dos vosos males. Eu teño por costume despois que pecho a taberna,



de vir onde a cotorra e decirlle:—¿Ti sei que dormes?, e desonces ela colle o candil co-unha pata e mo da decíndome:—¡Ehí vai iso! Candi có que me vou a deitar. ¿Entendíchedes agora, meus rulos?

Os rapaces nada dixeron, mais deberon entender o que lles dixo o Tío Farruco, cando calados e co-as cholas baixas recolleron os seus sombreiros e saíron corridos do coarto, dempois de pagar medio neto cada un, e xa na porta votarlle unha ollada de odio a aquel condanado paxaro que ten entendido dare o candil ó ascoitare:—¿Ti sei que dormes?

RICARDO CARBALLAL.

O BÓO EXEMPRO

Un xantar enxebre

¿Foi na Cruña ou en Barcelona? Foi na Cruña, foi antre gallegos, inda que aqueles gallegos semellásemos catalás n'un pobo catalán. ¡Festa inolvidable!

«Os Amigos da Fala» da cidade herculina agasallaron c'un xantar ó gran compatriota, Xosé Fontenla, representante do Centro Gallego da Habana. N'este xantar, axuntouse a prana maor da nosa «Hirmandade». Fíxose un menú en galego—espréndidamente servido por certo no gabado «Hotel Continental»—e non se falou nin un soyo momento mais que no idioma patrio, no idioma natural. ¡E ali estaba a mocidade que val na Cruña, cabo algús vellos mestres! Xaimistas e republicanos, catedráticos, poetas, escritores, xornalistas, comerciantes de total-as profesións y-oficios, de todo, agás vividores. Antre os concurrentes atopábanse os compostelans Quintanilla, Naveira e Porteiro.

Ofreceu o xantar Antón Villar Ponte, quen dixo que non se pode sere opóstol d'unha idea, sin ter por ela fanatismo e que os que sinten entusiasmo con contagotas, fican en treidores. Tamén falou de que non son merecentes de creto os que predicán o amor y-a redención de Galicia en castelán. Tivo unha garimosa lembranza pra o poeta Ramón Cabanillas, pra insine Ribalta, pra Banet Fontenla e pra o hirmán bóo e xeneroso Alfredo Somoza, sin esquecer a Xenaro Mariñas. Logo recitou uns versos nos que se alude ós xantares, de Pondal.

Leuse unha ispirada poesía de D. Euxenio Carré e outra léu Fernando Martínez Morás, sua, moi fermosa.

Luis Peña Nove fixo unha improvisación brillante. D. Manoel Lugris, tamén falou xeitosamente, coma decote.

Logo tocoulle a vez a Luis Porteiro, catedrático da Universidade de Santiago. ¡Qué discurso o seu! ¡Cóma foi aprendido! Porteiro dí o que quere e do xeito que quere. Cultura, elocuencia, amenidade, sinxeleza, verba cristiáña. Marcou o verdadeiro programa das Hirmandades, que ten pol-o mais serio, fondo e de trascendencia que se fixo en Galicia. Tronou contra do caciquismo en xeneral y-o riestrismo en particular, asina coma contra da rexionalista ortodosia ridícula de Besada. Dixo que pol-a Cruña e por outros pobos de Galicia viñeron, chamados por labercos d'eiquí, persoaxes de *double*, homes risibles, froito do centralismo, dos que poden facer favores, ós que lles deron xantares. E «Os Amigos da Fala» ó agasallar a Fontenla, por bon galego, que non pode dar destinos nin actas, fixeron do seu xantar unha verdadeira comunión apostólica.

As nosas «Hirmandades», dixo, teñen que cardar ós que queiran formar n'elas. Non deben ademitire nin a xentes cobizosas de empregos, nin a detritus d'outros partidos. Debe sere un partido puro. Un partido que non pida votos no campo, senon que axude a fomentar sociedaes agrarias de cooperación e consumo, xeneradoras de riqueza, que traigan a independencia económica do labrego, pois a libertá política sin a económica devén en ficción, e xa dijo Costa: «quen ten a chave do estómago ten a chave da conciencia». Homes libres, redimidos pol-o seu traballo, son, pois, os que conveñen a «Os Amigos da Fala». Os mozos ou vellos que camiñen a caza de destinos ou actas, fora co eles. En troques a aqueles que, suxetos a presións, sintan por den-

tro o enxebrismo, inda que non poidan amostralo en púbrico, tendo unha vountade pura, hai que abrírlles os brazos con agarimo. Val mais poucos e bóos que moitos e cativos, porque os poucos fortes, saberán ter o valor supremo da soedad, e si se lles fai o silencio, no silencio resoarán millor os seus berros.

Concrueu dicindo que si «Os Amigos da Fala» da Cruña van de propaganda a Santiago, cal pensan, alí serán acollidos con fondonísimo amore. Protestou tamén, ante o anfitrión, contra das verbas aldraxantes pr'ós emigrados que hai en «Muros de Oro».

O gran orador e pensador Luis Porteiro, foi apraudidísimo.

Logo deu as gracias pol-o homenaxe, con verbas sinxelas, cheas d'emoción, o exemprar enxebre Xosé Fontenla.

E pol-o derradeiro, postos en pé, todol-os xantadores entoaron o Hino galego.

Foi unha festa inesquecente, na que a proposta de D. Manoel Lugris acordouse nomear hirmán d'honor dos Amigos da Fala da Cruña ó agasallado.

\*\*

Con actos coma este, coma os mitines de propaganda y-as conferencias semanás que se dan na Academia Galega, ¿non se ten que conquistar por forza unha conciencia rexional?

Hai que aproveitar total-as ocasións. Ante o cadabre de Pondal no ciminteiro da Cruña, falou Lugris en galego, pra renegar dos políticos famentos. No mesmo ciminteiro falou Peña Novo, tamén no noso idioma, ante a tumba de Curros Enríquez. ¡Eisí se fai patria!

HELIODORO F. GASTAÑADUY

Un dos nosos finouse. Finouse en Pontevedra, onde todos o quirían. Era dos bóos, dos xenerosos, dos que levaban adoito no corazón aceso o enxebrismo.

A morte de Gastañaduy sobrecolleunos. As cousas que non s'agardan producen dobre dôr.

Era un gran gallego, noso amigo, noso hirmán: era ademais un home culto, un escritor festivo cheo de sal.

«Os Amigos da Fala» de Pontevedra que pouco poden medrar porque sobre d'eles pesa a louza de promo do noxento virreinato que Cabanillas inmortalizou n'un soneto, pra que o escarnezan as xeneracións viñadeiras, perden con Gastañaduy un verdadeiro mestre.

Peneirando...

*El Imparcial* de Madrí, púxolle este título a un telegrama: *Entierro del poeta Condal*.

E non era trabucamento. Pois logo no testo da noticia dicía: «Se ha verificado en La Coruña el entierro del notable poeta gallego Eduardo Condal.»

E inda mais abaixo: «... La obra poética de Condal...»

¡Cantas disgracias póstumas sufreu o bardo! Acó y aló.

\*\*\*

En Barcelona estrenouse en catalán o drama de Guimerá «Xesús que volve». Enrique Borrás en catalán fixo o protagonista. Un fabricante de Tarrasa contratou con 125000 pesetas do seu peto, o teatro Novedades pra este ouxeto. Pra erguer o teatro catalán.

¡Cando haberá gallegos patriotas!

\*\*\*

O Sr. Fontenla, si quixo, ben puido decatarse de quenes son os que cumpren coma «bos e xenerosos» non avergoñándose de falar o galego en Galicia.

Pol-o d'oxe abonda con esta chamada d'atención.

Nos estamos dispostos a arrincarlles a careta ós que se sinten mui galegos, mui galegos en castelano.

\*\*\*

O xornal *A Opinao*, de Lisboa, publicou un

artigo no que fala da «frialdade de relacións que determinou o feito de que en Galicia s'organizen algunhas partidas monárquicas portuguesas.»

Estas cousiñas y-aquelas outras, como a conferencia de Gay na Cruña—que inda oxe relembramos con dôr—son as que obrigan ós fillos de Portugal a ternos xenreira. Con moita lóxica.

Hai que evitare que se diga que non hai peor cuña que a da mesma... raza.

\*\*\*

*La Voz de Ortigueira*, c'a resinación do buhdista que mira pr'ó ombrigo, logo de falar do cerre das Cortes e de chorar pol-a nova trégola que s'impón no do ferrocarril da Costa, fica eisí: «No hay que hacerle... paciencia.»

E o eterno layo de Galicia, cando algo malo l'ocurre. Encollerse d'hombres.

¡Non hai que facerlle! Haberia, se non chorásemos coma femias o que non sabemos defender coma homes.

Habería, se non fosemos *tan patriotas*, que n'este caso quer decir imbéciles. Haberia, si berrásemos todos á unha: nosos deputados e nosoutros témol-a culpa de canto ocorre. Haberia, se non fosemos labercos, escravos, adulós.

Galicia, homildá... ¡Qué noxo! Galicia, Eunuquia, Caciquia. Tres sinónimos.

\*\*\*\*\*



NOVAS  
DA  
CAUSA

En Lugo e no Ferrol, segun se nos di, axiña se constituirán as Hirmandades da Fala.

Esto ponnos ledos, porque amotra que non caen no valdeiro as nosas porpagandas.

\*\*\*

Fumos agasalladol-os hirmáns da Fala cruñeses que tomamos parte no mitin galleguista do Ferrol, con sendos exemprares, con garimosas adicatorias, do notabre e enxebre parrafeo de Charlon y-Hermida, *Mal de moitos*, que tantos aprausos conquireu ali onde levouse á escea.

A Charlon y-Hermida, rapaces dínos de fonda loubra, levámolos na y-alma.

\*\*\*

Finouse no Ferrol, o xeneral d'inxenieros da Armada Sr. Comerma. Nado en Cataluña, sempre sinteu a Galicia con entusiasmo.

Presidía a notabre rondalla *Airiños da miña terra*. A esta coletividade d'amigos, dámoslle noso duelo sintido.

\*\*\*

Deu unha fermosa e fonda conferencia na Academia Galega, por iniciativa dos Amigos da Fala cruñeses o notabre xornalista y-enxebre compatriota D. Antón Valcárcel.

Poucas das que se veñen dando d'un tempo á data foron tan gabadas. Valcárcel, este rapaz tan sinxelo, espuxo ideas novas. Amostrou canta é sua cultura. Publicaríamos unha síntesis de tan admirabile traballo, pro con ela non conseguiríamos fixar as belezas que en trinta minutos desgraou. Vaya en troques nosa embora.

\*\*\*

O Menistro da Facenda, Sr. Alba, asistiu a un «acoso» de reses bravas nas cercanías de Sevilla.

¡Viva España!

\*\*\*

Foi nomeado Bispo de Tuy D. Manoel Lago González, un gran gallego que no noso idioma escribue mui fermosos versos.

Dámoslle noso parabén.



**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

OS MELLORES CHOCOLATES SON OS

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

QUENES OS PROBAN

NON QUEREN OUTROS

A venda en todol-os comercios d'ultramirinos de Galicia.

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS**

— DE —

**ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABRADORES:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL**

DISPOÑIBRE

DISPOÑIBRE

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

RUA DE PANADEIRAS, 23

A CRUÑA

**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

**Os "Previsores do Porvir"**

SOCIEDÁ MODELÓ, ESPELLO DE PATRIOTISMO

*Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faráanse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracruz, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.